

# **O MODELO DE ACCESO Á XUSTIZA DAS PERSOAS MAIORES DA XURISDICIÓN SOCIAL E A SÚA PROXECCIÓN SOBRE OUTRAS XURISDICIÓNS, NO MARCO DE INFLUENCIA DO CONSELLO DE EUROPA\***

ANDREA BANEIRA SUÁREZ  
Investigadora predoctoral  
Área Dereito do Traballo e da Seguridade Social  
Universidade da Coruña (España)  
[andrea.baneira@udc.es](mailto:andrea.baneira@udc.es)

## **RESUMO**

Evidénciase aquí a necesidade de crear un novo modelo de xustiza inclusiva e accesible para as persoas maiores en España. Proponse unha relectura do artigo 24 da Constitución Española, poñendo de manifesto que a Xurisdición Social pode servir de referencia para tales efectos, mesmo para outras xurisdicións, habida conta das súas garantías de accesibilidade e celeridade, sen prexuízo do impacto que tivo a incorporación do art. 7 bis da Lei de Axuizamento Civil. E todo isto, tendo presente que esta outra lectura do art. 24 da Constitución Española debe realizarse no marco dos estándares emanados do Consello de Europa, tanto a través da Carta Social Europea e a súa aplicación e interpretación polo Comité Europeo de Dereitos Sociais, como do Convenio

---

\* Texto actualizado e ampliado da comunicación presentada á Mesa 6 (Mesa lexislativa. Modificacións legais para un mellor acceso á Xustiza das persoas maiores) do II CONGRESO INTERNACIONAL 'DEREITO, DEREITOS E PERSOAS MAIORES' O ACCESO Á XUSTIZA DAS PERSOAS MAIORES, València (23-25 de outubro de 2024), seleccionada para formar parte da relatoría final do mencionado congreso.

Europeo de Dereitos Humanos e a súa aplicación e interpretación polo Tribunal Europeo de Dereitos Humanos.

**Palabras chave:** Persoas maiores; Tutela xudicial efectiva; Acceso á xustiza; Xurisdicción Social; Consello de Europa.

### ABSTRACT

The need to create a new model of inclusive and accessible justice for older persons in Spain is evident. A reinterpretation of Article 24 of the Spanish Constitution is proposed, highlighting that the Social Jurisdiction may serve as a reference for this purpose, even for other jurisdictions, given its guarantees of accessibility and speed, without prejudice to the impact of the incorporation of Article 7 bis of the Civil Procedure Act. All this, bearing in mind that this alternative reading of Article 24 of the Spanish Constitution must be carried out within the framework of the standards emanating from the Council of Europe, both through the European Social Charter and its application and interpretation by the European Committee of Social Rights, and through the European Convention on Human Rights and its application and interpretation by the European Court of Human Rights.

**Keywords:** Older persons; Right to an effective remedy and to a fair trial; Access to justice; Social jurisdiction; Council of Europe.

### RESUMEN

Se evidencia aquí la necesidad de crear un nuevo modelo de justicia inclusiva y accesible para las personas mayores en España. Se propone una relectura del artículo 24 de la Constitución Española, poniendo de manifiesto que la Jurisdicción Social puede servir de referencia a tales efectos, incluso, para otras jurisdicciones, habida cuenta de sus garantías de accesibilidad y celeridad, sin perjuicio del impacto que ha tenido la incorporación del art. 7 bis de la Ley de Enjuiciamiento Civil. Y todo ello, teniendo presente que esta otra lectura del art. 24 de la Constitución Española debe realizarse en el marco de los estándares emanados del Consejo de Europa, tanto a través de la Carta Social Europea y su aplicación e interpretación por el Comité Europeo de Derechos Sociales, como del Convenio Europeo de Derechos

Humanos y su aplicación e interpretación por el Tribunal Europeo de Derechos Humanos.

**Palabras clave:** Acceso a la justicia; Personas mayores; Tutela judicial efectiva.

## SUMARIO

**1. OUTRA LECTURA POSIBLE DO ARTIGO 24 DA CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA DESDE A PERSPECTIVA DAS PERSOAS MAIORES; 2. OS PILARES BÁSICOS QUE XUSTIFICAN A CONSIDERACIÓN DA XURISDICCIÓN SOCIAL COMO UN EXEMPLO DE XUSTIZA RÁPIDA, TAMÉN NO CASO DAS PERSOAS MAIORES; 3. A PROXECCIÓN DA XURISDICCIÓN SOCIAL SOBRE O PROCESO DE CONSTRUCCIÓN DUN NOVO PARADIGMA DE XUSTIZA: UN SERVIZO PÚBLICO INCLUSIVO E AMIGABLE AO TER PRESENTES AS PERSOAS MAIORES; 4. O MODELO DE PROTECCIÓN SOCIAL DAS PERSOAS MAIORES NO ACCESO Á XUSTIZA DO CONSELLO DE EUROPA; 5. BIBLIOGRAFÍA.**

### **1. OUTRA LECTURA POSIBLE DO ARTIGO 24 DA CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA DESDE A PERSPECTIVA DAS PERSOAS MAIORES**

A ausencia de planificación do alcance das oportunidades que ofrece o aumento da lonxevidade poboacional mediante o desenvolvemento dun sistema integral e transversal de atención a longo prazo das persoas maiores<sup>1</sup>, así como a falta de adaptación da sociedade ao seu envellecemento, son cuestións que axudan a entender que, entre as distintas lecturas realizadas para a interpretación e aplicación do artigo 24 da Constitución Española, sexan pouco frecuentes aquelas que se realizan desde a perspectiva dun marco xurídico integral de recoñecemento, promoción e protección das persoas maiores, especialmente das de idade avanzada. Porén, estas outras lecturas teñen amparo na propia

---

<sup>1</sup> Véxase Xosé Manuel CARRIL VÁZQUEZ, «Argumentos de Derecho Internacional justificadores de que la legislación española tenga que adaptarse al envejecimiento de la población para proteger a las personas mayores con un sistema de atención (o de cuidados) a largo plazo», en *Estudios sobre Seguridad Social. Libro homenaje al Profesor JOSE IGNACIO GARCÍA NINET*, Atelier (Barcelona, 2017), pp. 127-141.

xurisprudencia do Tribunal Constitucional que, a propósito do «derecho a la tutela judicial efectiva», puxo de manifesto que «el derecho a la tutela judicial efectiva no es un derecho de libertad, ejercitable sin más y directamente a partir de la Constitución, sino un derecho de prestación, [que] sólo puede ejercerse por los cauces que el legislador establece o, dicho de otro modo, es un derecho de configuración legal; pero ni el legislador podría poner cualquier obstáculo a tal derecho fundamental, pues ha de respetar siempre su contenido esencial (art. 53.1 de la C.E.), ni nadie que no sea el legislador puede crear impedimentos o limitaciones al derecho a la tutela judicial, cuyo ejercicio «sólo por Ley» puede regularse (art. 53.1 de la C.E.)»<sup>2</sup>. Si, no caso das persoas maiores, especialmente das de idade avanzada, esta lectura, de acordo coa mencionada doutrina xurisprudencial —aínda que o Tribunal Constitucional considere a idade só como unha categoría debilmente sospeitosa de discriminación<sup>3</sup>—, permite sustentar que a tutela xudicial efectiva debería ter moi presente a necesidade de que se facilite tanto o acceso, por exemplo, en todo o que ten que ver coa preceptiva intervención de profesionais da avogacía e a procura, como a resolución do litixio no que estas persoas maiores estean implicadas, por exemplo, en todo o que ten que ver coa Xustiza demorada (Justice delayed), que é Xustiza denegada (Justice denied), ou mesmo tamén fallida no caso de falecemento da propia persoa maior durante a tramitación dun procedemento realmente dilatado no tempo<sup>4</sup>, sempre, loxicamente, sobre a base de que a Xustiza tampouco pode ser «instantánea»<sup>5</sup>.

---

<sup>2</sup> Véxase Sentencia do Tribunal Constitucional 99/1985, de 30 de setembro (ECLI:ES:TC:1985:99).

<sup>3</sup> Véxase Aída DÍAZ-TENDERO BOLLAÍN e Fernando FLORES GIMÉNEZ, *El edadismo hacia las personas mayores en las sentencias del Tribunal Constitucional* (Fundación HelpAge International España, 2023).

<sup>4</sup> Con interesantes reflexións sobre os aspectos humanos do acceso á Xustiza (no sentido de que sexa accesible e eficiente tendo en conta o contexto social da situación e precisamente a quen litiga), véase Beverley MCLACHLIN, «Accès à la justice et marginalisation», en *Les Cahiers de Droit*, Vol. 57, núm. 2 (2016), pp. 339-350.

<sup>5</sup> Sobre o tema, poñendo de relevo outros principios fundamentais que requiren o seu tempo (sen que, en todo caso, poida ser excesivo), véxase DEFENSOR DEL PUEBLO, *Retrasos en la Administración de Justicia. Separata del volumen II del Informe anual 2018*, Defensor del Pueblo (Madrid, 2019), p. 5.

Convén sinalar, a este respecto, que, a partir da consulta en bases de datos xurisprudenciais (mediante a busca do termo «idade avanzada» e a revisión de resolucións nas que dito criterio aparece asociado á intervención de persoas maiores nos ordes xurisdicionais civil, penal, contencioso-administrativo e social), obsérvase que entre os anos 2020 e 2026 resulta frecuente a presenza de persoas maiores, aproximadamente entre os 70 e os 85 anos —e mesmo en idades superiores—, tanto en condición de parte demandante como demandada, o que contrasta coa súa escasa visibilidade nos estudos e estatísticas xudiciais do Consello Xeral do Poder Xudicial e da Fiscalía Xeral do Estado, nos que a idade non se contempla como unha variable específica, o que dificulta a consideración das persoas maiores como un colectivo con necesidades particulares na Administración de Xustiza. Quizais esta insuficiente visibilidade contribúa, por unha banda, a explicar a escasa atención prestada á excesiva duración de numerosos procedementos xudiciais nos ordes xurisdicionais civil, penal e contencioso-administrativo —a diferenza do que ocorre no social, onde resulta excepcional atopar procedementos de tan longa duración—, os cales en moitos casos superan amplamente os catro anos<sup>6</sup> e, nalgúns

---

<sup>6</sup> Véxase, por exemplo, SAP Barcelona 16/2026, de 22 de xaneiro (ECLI: ES:APB:2026:46); SAP Valladolid 19/2026, de 22 de xaneiro (ECLI: ES:APVA:2026:97); TSJ Castilla-La Mancha 1342/2025, de 2 de xuño (ECLI: ES:TSJCLM:2025:1342); SAP Tarragona 331/2025, de 8 de maio (ECLI: ES:APT:2025:636); SAP Albacete 32/2025, de 3 de febreiro (ECLI: ES:APAB:2025:77); STS 891/2024, de 24 de outubro (ECLI: ES:TS:2024:5199); STSJ Andalucía de Granada 1634/2024, de 23 de maio (ECLI: ES:TSJAND:2024:9434); STSJ Asturias 428/2024, de 30 de abril (ECLI: ES:TSJAS:2024:1181); SAP Rioja 117/2024, de 18 de abril (ECLI: ES:APLO:2024:278); SAP Barcelona 395/2024, de 22 de abril (ECLI: ES:APB:2024:8246); Auto TS Rec. 2022/2023, de 28 de setembro (ECLI: ES:TS:2023:13754A); STSJ Murcia 43/2023, de 23 de febreiro (ECLI: ES:TSJMU:2023:347); SAP Las Palmas de Gran Canaria 162/2023, de 7 de marzo (ECLI: ES:APGC:2023:625); STS 188/2022, de 1 de marzo (ECLI: ES:TS:2022:850); STSJ Castilla y León 475/2022, de 13 de abril (ECLI: ES:TSJCL:2022:1609); SAP Ciudad Real 133/2022, de 4 de marzo (ECLI: ES:APCR:2022:388); STSJ Castilla y León 1342/2021, de 3 de decembro (ECLI: ES:TSJCL:2021:4179); SAP Almería 337/2021, 19 de outubro (ECLI: ES:APAL:2021:786); STSJ Castilla y León 255/2020, de 9 de xullo (ECLI: ES:TSJCLM:2020:2065); SAP Madrid 457/2020, de 30 de novembro (ECLI: ES:APM:2020:14259); SAP Ourense 120/2020, de 9 de setembro (ECLI: ES:APOU:2020:453).

casos, chegan a prolongarse durante unha década<sup>7</sup>. Por outra banda, podería relacionarse tamén con determinadas manifestacións edadistas nalgunhas resolucións, nas que non sempre se adoptan axustes razoables ou dilixencias adecuadas —como a preconstitución da proba cando unha das partes supera os 80 anos<sup>8</sup>—, e cuxa linguaxe amosa expresións que asocian a idade avanzada directamente coa fragilidade ou con determinados roles sociais, tales como “típicos achaques de la edad<sup>9</sup>”, “resulta un tanto insólito pensar que con anterioridad al accidente se dedicase a otras actividades que no fuesen tareas domésticas y alternar con sus amistades<sup>10</sup>”, “desvalimiento propio de la edad<sup>11</sup>” ou “a pesar de la lógica empatía que despierta cualquier persona de más de ochenta años<sup>12</sup>”.

Do anterior despréndese que, como garantía do acceso á xustiza, os axustes deben realizarse tamén no marco dos procedementos administrativos<sup>13</sup>, na medida en que numerosos conflitos xurídicos se orixinan ou se condicionan neste ámbito, de modo que terse reparado antes sobre eles evitaría a súa existencia. Neste sentido, o incumprimento reiterado dos prazos administrativos pode comprometer de forma significativa a efectividade dos dereitos das persoas maiores afectadas, ata o punto de deixar o seu exercicio practicamente desprovisto de contido, especialmente en situacións nas que concorren problemas de saúde<sup>14</sup>. Ademais, a Administración debe actuar de oficio ante situacións de especial vulnerabilidade derivadas da idade avanzada, garantindo un tratamento diferenciado tanto no

---

<sup>7</sup> Véxase, por exemplo, STS 7/2024, de 10 de xaneiro de 2024 (ECLI: ES:TS:2024:163); SAP Baleares 451/2023, de 26 de outubro (ECLI: ES:APIB:2023:2451); SAP Rioja 184/2022, de 3 de novembro (ECLI: ES:APLO:2022:607); STS 419/2021, de 19 de maio (ECLI: ES:TS:2021:2091).

<sup>8</sup> Véxase, por exemplo, STS 419/2021, de 19 de maio (ECLI: ES:TS:2021:2091).

<sup>9</sup> Véxase SAP Barcelona 223/2022, de 13 de maio (ECLI: ES:APB:2022:4882).

<sup>10</sup> Véxase SAP Cáceres 403/2021, de 27 de maio (ECLI: ES:APCC:2021:546).

<sup>11</sup> Véxase SAP Albacete 32/2025, de 3 de febreiro (ECLI: ES:APAB:2025:77).

<sup>12</sup> Véxase STS 615/2019, de 11 de decembro (ECLI: ES:TS:2019:3936).

<sup>13</sup> Véxase María del Carmen BARRANCO AVILÉS e Irene VICENTE ECHEVARRÍA, *La discriminación por razón de edad en España: Conclusiones y recomendaciones para el contexto español desde un enfoque basado en derechos* (HelpAge International España, 2020), p. 28.

<sup>14</sup> Véxase, por exemplo, STSJ de Andalucía de Málaga 1762/2020, de 27 de outubro (ECLI: ES:TSJAND:2020:16592).

plano procedemental como no substancial, conforme declarou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo na sentenza 614/2026, do 12 de febreiro<sup>15</sup>, que esixe a identificación de ditas circunstancias sen necesidade de solicitude expresa da persoa interesada e a adopción das medidas necesarias no procedemento de protección internacional.

## **2. OS PILARES BÁSICOS QUE XUSTIFICAN A CONSIDERACIÓN DA XURISDICCIÓN SOCIAL COMO UN EXEMPLO DE XUSTIZA RÁPIDA, TAMÉN NO CASO DAS PERSOAS MAIORES**

Sen dúbida, a xurisdición social é unha boa ferramenta para a materialización destas lecturas, ao estar moi presentes as persoas maiores tanto na súa condición de traballadoras<sup>16</sup> como na súa condición de beneficiarias de prestacións de Seguridade Social<sup>17</sup> —e mesmo como destinatarias de cuidados canalizados a través dos dereitos de conciliación dos seus familiares traballadores<sup>18</sup>—, reunindo, nalgúns casos, ambas condicións cando se compatibiliza o traballo e o cobro da pensión de xubilación, que é o que acontece coa xubilación activa<sup>19</sup>. E iso, a pesar de que as referencias expresas a persoas de «edad avanzada» na Lei 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdición social<sup>20</sup>, reconducen unicamente a unha moi concreta, que é a que se contén, en materia de «anticipación y aseguramiento de la prueba», no seu artigo 78 («Causas y normas aplicables a la anticipación

---

<sup>15</sup> Véxase STS 614/2026, de 12 de febreiro (ECLI:ES:TS:2026:614).

<sup>16</sup> Véxase Jesús MARTÍNEZ GIRÓN, Alberto ARUFE VARELA e Xosé Manuel CARRIL VÁZQUEZ, *Derecho crítico del Trabajo. Critical Labor Law*, 5ª edición, Atelier (Barcelona, 2016), p. 276.

<sup>17</sup> Véxase Jesús MARTÍNEZ GIRÓN, Alberto ARUFE VARELA e Xosé Manuel CARRIL VÁZQUEZ, *Derecho de la Seguridad Social*, 5ª edición, Atelier (Barcelona, 2017), p. 416.

<sup>18</sup> Véxase Yolanda MANEIRO VÁZQUEZ, "Cuidados para quienes cuidan: la adaptación del art. 139 de la Ley Reguladora de la Jurisdicción Social a la Directiva (UE) 2019/1158, de 20 junio de 2019," *Revista Crítica de Relaciones de Trabajo. Laborum*, n.º 3 (2022).

<sup>19</sup> Véxase Xosé Manuel CARRIL VÁZQUEZ, «Jubilación activa», en Gloria Mª MONTES ADALID (Coordinación), Carlos David AGUILAR SEGADO, Miguel Ángel GÓMEZ SALADO, Belén del Mar LÓPEZ INSUA, Marina FERNÁNDEZ RAMÍREZ, Estefanía GONZÁLEZ COBALEDA (Dirección) e Raquel CASTRO MEDINA (Edición), *Las pensiones ante los retos que la plantea la «sociedad del riesgo»*, Laborum (Murcia, 2024), pp. 175-196.

<sup>20</sup> BOE de 11 de outubro de 2011.

de la prueba»), ao contemplar a anticipación da proba no caso de que a mesma se refira ao exame de testemuñas cuxa idade así o aconselle, declarando ao respecto que «quien pretenda demandar o presuma que va a ser demandado podrá solicitar previamente del juez o tribunal la práctica anticipada de algún medio de prueba cuando exista el temor fundado de que, por causa de las personas o del estado de las cosas, dichos actos no puedan realizarse en el momento procesal generalmente previsto o cuya realización presente graves dificultades en dicho momento, incluido el examen de testigos cuando por la edad avanzada de alguno de éstos, peligro inminente de su vida, proximidad de una ausencia o estancia en un lugar con el que sean imposibles o difíciles las comunicaciones o cualquier otro motivo grave y justificado, sea presumible que no va a ser posible mantener su derecho por falta de justificación»<sup>21</sup>. En efecto, xa desde as súas orixes, a xurisdición social quixo ser unha Xustiza rápida no acceso, pero tamén na resolución do caso, configurando boa parte de toda a súa arquitectura procesual de cognición ou instancia sobre o principio de celeridade e, en concreto, sobre tres piares básicos, que poderían aplicarse noutros ámbitos xurisdicionais pensando na necesidade de mellorar o acceso á Xustiza das persoas maiores, cunha resolución rápida e eficaz dos seus litixios, e que son os seguintes.

O primeiro deles refírese á postulación, entendendo por tal a actividade de representación procesual das partes ante os tribunais sociais e tamén a actividade de defensa técnica dunha parte lexitimada fronte á súa contraria, que aparecen reguladas na mencionada no Capítulo II («De la representación y defensa procesales») do Título II («De las partes procesales») do Libro Primero («Parte general») da citada Lei 36/2011, de 10 de outubro. De acordo con esta regulación, resulta que a regra xeral é que nos procesos laborais de instancia ou de cognición, a parte pode comparecer por si mesma e defenderse sen necesidade de ter que ir cunha persoa que sexa avogada ou procuradora, na medida en que aquí «las partes podrán comparecer por sí mismas o conferir su representación a abogado, procurador,

---

<sup>21</sup> Véxase o seu apartado 1.

graduado social colegiado o cualquier persona que se encuentre en el pleno ejercicio de sus derechos civiles»<sup>22</sup> e, ademais, que a «defensa por abogado y la representación técnica por graduado colegiado tendrá carácter facultativo en la instancia»<sup>23</sup>. Con todo, na práctica, o máis frecuente —e prudente tamén— é comparecer por medio dunha persoa graduada social colexiada ou por medio dunha persoa avogada, sen prexuízo de que se faga tamén a través da «representación por los sindicatos»<sup>24</sup>.

O segundo deses piares básicos alude ao «acto del juicio», que é a clara demostración de que os procesos laborais de instancia teñen que desenvolverse con suxeición legal á celeridade, ao terse configurado expresamente esta como un dos seus «principios» fundamentais<sup>25</sup>. En efecto, o mecanismo procesual que fai viable o cumprimento deste principio é o «acto do xuízo», que se desenvolve durante o tramo temporal que comprende desde o momento posterior á admisión da demanda<sup>26</sup> ata o momento anterior a que proceda a ditar a sentenza<sup>27</sup>. De acordo coa doutrina máis especializada<sup>28</sup>, o «acto del juicio» pode caracterizarse por todo o seguinte: 1) a súa duración pode ser realmente moi reducida, ata o punto de ocupar só uns poucos minutos, que

---

<sup>22</sup> Véxase o seu artigo 18, apartado 1, inciso primeiro. No seu inciso segundo indícase que a «representación podrá conferirse mediante poder otorgado por comparecencia ante el letrado o letrada de la Administración de Justicia, a través del registro electrónico de apoderamientos apud acta o por escritura pública».

<sup>23</sup> Véxase o seu artigo 21, apartado 1, inciso primeiro.

<sup>24</sup> Véxase o seu artigo 20.

<sup>25</sup> De acordo co artigo 74 («Principios del proceso») da Lei 36/2011, de 10 de outubro, resulta que: 1) os «jueces y tribunales del orden jurisdiccional social y los secretarios judiciales en su función de ordenación del procedimiento y demás competencias atribuidas por el artículo 456 de la Ley Orgánica del Poder Judicial, interpretarán y aplicarán las normas reguladoras del proceso social ordinario según los principios de inmediación, oralidad, concentración y celeridad» (véxase os seu apartado 1); e 2) os «principios indicados en el apartado anterior orientarán la interpretación y aplicación de las normas procesales propias de las modalidades procesales reguladas en la presente Ley» (véxase o seu apartado 2).

<sup>26</sup> Véxase o artigo 82 da Lei 36/2011, de 10 de outubro, sobre «Señalamiento de los actos de conciliación y juicio».

<sup>27</sup> Véxase o artigo 97, a propósito da «Forma de la sentencia», da Lei 36/2011, de 10 de outubro.

<sup>28</sup> Ao respecto, véxase Jesús MARTÍNEZ GIRÓN, Alberto ARUFE VARELA e Xosé Manuel CARRIL VÁZQUEZ, *Derecho crítico del Trabajo. Critical Labor Law*, 5ª edición, Atelier (Barcelona, 2025), pp. 285-287.

é o habitual en moitos litixios de Seguridade Social; 2) durante o seu transcurso, todas as actuacións se realizan verbalmente e en presenza da persoa xuíza (isto é, aquela que ten autoridade e potestade para xulgar e sentenciar); e 3) mantendo a unidade de acto, procédese durante o mesmo a ratificar a demanda<sup>29</sup> e a contestala<sup>30</sup>, a propoñer e practicar as probas<sup>31</sup> a formular as conclusións<sup>32</sup>, sen prexuízo de que «si el órgano judicial no se considerase suficientemente ilustrado sobre las cuestiones de cualquier género objeto del debate, concederá a ambas partes el tiempo que crea conveniente, para que informen o den explicaciones sobre los particulares que les designe»<sup>33</sup>.

E, por último, o terceiro deses piares básicos ten que ver coa tramitación ordinaria ou especial das modalidades procesuais que se rexistran no ámbito da xurisdición social e que antes —en alusión ás súas especialidades (por razón da súa forma de iniciación, por razón das súas partes principais, por razón das súas partes materiais ou por razón da materia)— se coñecían coa denominación de «procesos laborales especiales»<sup>34</sup>. Trátase, en concreto, dun medio que pretende garantir a tradicional celeridade dos procesos laborais de instancia á hora de resolver «la imponente masa de asuntos que se ven obligados a resolver nuestros tribunales»<sup>35</sup>, recorrendo para iso ao establecemento de criterios que permitan priorizar e xerarquizar uns procesos sobre outros, no sentido de que uns teñen trato preferente na súa tramitación e resolución, que é o caso, por exemplo, do proceso especial da «tutela de los derechos fundamentales y libertades públicas» (no que se inclúe, por exemplo, a discriminación por razón da idade e, polo tanto, das persoas

---

<sup>29</sup> Véxase do artigo 85, sobre «Celebración del juicio», no seu apartado 1, da Lei 36/2011, de 10 de outubro.

<sup>30</sup> *Ibidem*, apartado 2.

<sup>31</sup> Véxase o artigo 87, sobre «Práctica de la prueba en el acto de juicio», nos seus apartados 1, 2 e 3 da Lei 36/2011, de 10 de outubro.

<sup>32</sup> *Ibidem*, apartado 4.

<sup>33</sup> *Ibidem*, apartado 5.

<sup>34</sup> Ao respecto, véxase o Título II (artigos 102 a 184) do Libro Segundo («Del proceso ordinario») da Lei 36/2011, do 10 de outubro.

<sup>35</sup> Véxase Jesús MARTÍNEZ GIRÓN, Alberto ARUFE VARELA e Xosé Manuel CARRIL VÁZQUEZ, *Derecho crítico del Trabajo. Critical Labor Law*, 5ª edición, cit., p. 287.

maiores)<sup>36</sup>, cuxa «tramitación... tendrá carácter urgente a todos los efectos, siendo preferente respecto de todos los que se sigan en el juzgado o tribunal»<sup>37</sup>. En consecuencia, a obriga de ter que priorizar e xerarquizar na súa tramitación uns procesos sobre outros supón, en boa lóxica, que queden pospostos na súa tramitación aqueles outros procesos laborais que carecen da cualificación de urxentes, propiciando pola vía dos feitos que o principio de celeridade —cuxa proxección xa se puxo de manifesto anteriormente, no sentido de que o tempo empregado para a resolución de litixios na Xurisdición Social é moito menor que o empregado noutras xurisdicións— quede totalmente lastrado aquí.

### **3. A PROXECCIÓN DA XURISDICIÓN SOCIAL SOBRE O PROCESO DE CONSTRUCCIÓN DUN NOVO PARADIGMA DE XUSTIZA: UN SERVIZO PÚBLICO INCLUSIVO E AMIGABLE AO TER PRESENTES AS PERSOAS MAIORES**

Como pode comprobarse, á marxe do caso da anticipación da proba na súa condición de testemuñas (como exemplo de adaptación ou axuste en función das súas circunstancias), as persoas maiores cando litigan no ámbito da xurisdición social (como traballadoras ou como beneficiarias de prestacións de Seguridade Social) ven como se lles facilita tanto o acceso á Xustiza como a resolución dos litixios nos que están implicadas en todo o que ten que ver, en esencia, coa postulación (por exemplo, a comparecencia a xuízo mediante a representación a través dunha persoa que se atope no pleno exercicio dos seus dereitos civís sen necesidade de que sexa unha profesional da avogacía ou da procura), co acto do xuízo oral (por causa da confluencia dos principios da inmediación, a oralidade, a concentración e a celeridade) e coa tramitación preferente (facendo que uns procesos se consideren urxentes e teñan prioridade sobre outros). A proxección do que sucede no ámbito da xurisdición social a outras ordes xurisdicionais produciuse formalmente por

---

<sup>36</sup> Véxase o Capítulo XI do Título II do Libro Segundo da Lei 36/2011, do 10 de outubro.

<sup>37</sup> Véxase o artigo 179, apartado 1, inciso primeiro, da Lei 36/2011, do 10 de outubro. Téñase en conta que a referencia a xulgado debe entenderse feita agora á Sección do Social dos Tribunais de Instancia, de acordo coa Lei Orgánica 1/2025, de 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do servizo público de Xustiza.

causa da modernización da Xustiza mediante a incorporación no seu día de novas tecnoloxías —co fin de «actualizar o contido do dereito fundamental a un proceso sen dilacións indebidas» (segundo declaraba a Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de Xustiza)<sup>38</sup>—, na medida en que isto supuxo o establecemento dun novo marco no servizo público da Xustiza, que é esencialmente tecnolóxico, na medida en que o dixital constitúe a relación ordinaria e habitual entre a cidadanía e os órganos xurisdiccionais, de acordo co disposto polo Real Decreto-Lei 6/2023, do 19 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en materia de servizo público de xustiza, función pública, réxime local e mecenado<sup>39</sup>. E é que este novo marco impactou de cheo sobre as persoas maiores —singularmente as non dixitalizadas— ata o punto de dificultar ou imposibilitar, con barreiras novas por causa da mencionada dixitalización, tanto o seu acceso á Xustiza como a súa participación nos procesos xudiciais, provocando con iso unha nova causa de exclusión<sup>40</sup>, de modo que resulta comprensible e está xustificado que o artigo 103 do mencionado Real Decreto-Lei 6/2023, do 19 de decembro, modifícase a Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuizamento Civil<sup>41</sup>, coa finalidade de que o servizo público da Xustiza sexa «inclusivo e amigable» desde o punto de vista das persoas maiores, recorrendo a medidas nada diferentes das xa existentes precisamente no ámbito da xurisdición social en materia de certas adaptacións ou axustes, acompañamento de terceiras persoas e tramitación preferente, evidenciándose con iso que

---

<sup>38</sup> BOE do 6 de xullo de 2011.

<sup>39</sup> BOE do 20 de decembro de 2023. Con efectos do 21 de decembro de 2023, a súa disposición derogatoria única pon fin á vixencia da citada Lei 18/2011, do 5 de xullo e de todas aquelas normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ao disposto polo propio Real Decreto-Lei 6/2023, do 19 de decembro.

<sup>40</sup> Ao respecto, véxase Jesús MARTÍNEZ GIRÓN, «Sobre la brecha digital generacional de la clase media española. Un análisis perspectivístico de Derecho comparado, relativo a un colectivo gigante de contribuyentes en riesgo de exclusión social», en *Digitalización, recuperación y reformas laborales. XXXII Congreso Anual de la Asociación Española de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social*, Ministerio de Trabajo y Economía Social (Madrid, 2022), pp. 321-333.

<sup>41</sup> BOE de 8 de xaneiro de 2000.

si son totalmente viables outras lecturas do artigo 24 da Constitución Española.

Dita modificación en cuestión consistiu na incorporación dun novo artigo 7 bis, co título «Ajustes para personas con discapacidad y personas mayores», en virtude do cal, nos «procesos en los que participen personas con discapacidad y personas mayores que lo soliciten o, en todo caso, personas con una edad de ochenta años o más, se realizarán las adaptaciones y los ajustes que sean necesarios para garantizar su participación en condiciones de igualdad»<sup>42</sup>, entendéndose por persoas maiores aquelas que contén «con una edad de sesenta y cinco años o más»<sup>43</sup> e diferenciando entre as mesmas a aquelas «personas mayores que no alcancen la edad de ochenta años»<sup>44</sup> daquelas outras «con una edad de ochenta años o más»<sup>45</sup> á hora de solicitarse tales adaptacións e axustes<sup>46</sup>. Para tales efectos, entre outras medidas, as persoas maiores «tienen el derecho a entender y ser entendidas en cualquier actuación que deba llevarse a cabo»<sup>47</sup>, o que implica, por unha parte, que todas «las comunicaciones, orales o escritas, dirigidas a personas con una edad de ochenta o más años y a personas mayores que lo hubieran solicitado se harán en un lenguaje claro, sencillo y accesible, de un modo que tenga en cuenta sus características personales y sus necesidades, haciendo uso de medios como la lectura fácil»<sup>48</sup>; e, por outra parte, que as persoas maiores poidan «estar acompañadas de una persona de su elección desde el primer contacto con las autoridades y funcionarios»<sup>49</sup>. E, en fin, sempre na liña do que tamén

---

<sup>42</sup> Véxase o seu apartado 1, parágrafo primeiro.

<sup>43</sup> *Ibidem*, párrafo segundo.

<sup>44</sup> *Ibidem*, párrafo cuarto.

<sup>45</sup> *Ibidem*, párrafo quinto.

<sup>46</sup> No caso das persoas maiores que non alcancen a idade de oitenta anos, ditas adaptacións e axustes realizaranse a petición da persoa interesada. E no caso das persoas cunha idade de oitenta anos ou máis ditas adaptacións e axustes realizaranse, tanto a petición da persoa interesada como de oficio polo propio tribunal. De acordo co apartado 1, parágrafo 6, do artigo 7 bis, estas «adaptaciones se realizarán en todas las fases y actuaciones procesales en las que resulte necesario, incluyendo los actos de comunicación, y podrán venir referidas a la comunicación, la comprensión y la interacción con el entorno».

<sup>47</sup> Véxase o apartado 2 do artigo 7 bis.

<sup>48</sup> *Ibidem*, letra a).

<sup>49</sup> *Ibidem*, letra d).

sucede na xurisdición social a propósito da priorización duns procesos sobre outros, a modificación aquí realizada na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuizamento Civil, dispón que «todos los procedimientos, tanto en fase declarativa como de ejecución, en los que alguna de las partes interesadas sea una persona con una edad de ochenta años o más, conforme a lo dispuesto en este artículo, serán de tramitación preferente»<sup>50</sup>.

Con todo, este conxunto de medidas —moi positivas— non satisfán todas as necesidades, concretamente aquelas que están relacionadas co innegable impacto sobre as persoas maiores da dixitalización da Xustiza e, en singular, da relación dixital entre a cidadanía e os órganos xurisdiccionais que se quere configurar como ordinaria e habitual. Sobre esta situación que pode propiciar —e de feito propicia— a exclusión das persoas maiores tamén repara o mencionado Real Decreto-Lei 6/2023, do 19 de decembro, na súa disposición adicional segunda («Accesibilidad a los servicios electrónicos en el ámbito de la Administración de Justicia»), aínda que non con toda a contundencia que se precisa aquí, na medida en que —despois de declarar literalmente que as «administraciones con competencias en materia de Justicia garantizarán que todos los ciudadanos y ciudadanas, con especial atención a las personas mayores o personas con algún tipo de discapacidad, que se relacionan con la Administración de Justicia, puedan acceder a los servicios electrónicos en igualdad de condiciones con independencia de sus circunstancias personales, medios o conocimientos»<sup>51</sup>—, tan só se limita a indicar que, para tal fin, «se ajustarán en lo que sea de aplicación al Real Decreto 1112/2018, de 7 de septiembre, sobre accesibilidad de los sitios web y aplicaciones para dispositivos móviles del sector público y demás regulación estatal y autonómica en materia de igualdad y no discriminación»<sup>52</sup>. Quizais, tendo en conta a valiosa información que fornece o estudo do Dereito comparado, debería apostarse tamén por outras medidas xa postas en práctica noutros Estados en función do grao de

---

<sup>50</sup> Véxase o apartado 3 do seu artigo 7 bis.

<sup>51</sup> Véxase o seu parágrafo primeiro.

<sup>52</sup> Véxase o seu parágrafo segundo.

dixitalización das súas persoas maiores, que é o que sucede en Francia (centradas no despregamento por todo o territorio francés de profesionais para «acompañar» a aquelas persoas afastadas do dixital, entre as que figuran as persoas maiores) e nos Estados Unidos de América (centradas na persecución e prevención do abuso contra as persoas maiores, especialmente fronte ás ciberestafas, porque unha moi boa parte delas xa leva moito tempo dixitalizada)<sup>53</sup>, sen perder de vista nunca que a adaptación da sociedade ao seu envellecemento segue a ser unha materia pendente en España, polo menos en todo o que ten que ver co establecemento dun sistema integral e transversal de atención a longo prazo das persoas maiores, do que tamén forma parte todo o relativo ao acceso das persoas maiores á Xustiza.

#### **4. O MODELO DE PROTECCIÓN SOCIAL DAS PERSOAS MAIORES NO ACCESO Á XUSTIZA DO CONSELLO DE EUROPA**

O Consello de Europa, desde a década de 1960, prestou unha atención crecente aos dereitos das persoas maiores, tanto a través da súa actividade político-institucional —mediante os documentos adoptados polo Comité de Ministros e a Asemblea Parlamentaria<sup>54</sup>—, como dos seus principais instrumentos xurídicos, o Convenio Europeo de Dereitos Humanos (en diante, CEDH)<sup>55</sup> e a Carta Social Europea (tanto a súa versión de 1961 como a súa versión revisada de 1996) e a súa interpretación e aplicación polo Comité Europeo de Dereitos Sociais (en diante, CEDS). A Carta Social Europea é considerada o primeiro tratado internacional en abordar

---

<sup>53</sup> Véxase Jesús MARTÍNEZ GIRÓN, «Sobre la brecha digital generacional de la clase media española. Un análisis perspectivístico de Derecho comparado, relativo a un colectivo gigante de contribuyentes en riesgo de exclusión social», cit., pp. 326-328 (no caso de Francia) e pp. 329-330 (no caso dos Estados Unidos de Norteamérica).

<sup>54</sup> Véxanse Asemblea Parlamentaria, *Problems raised by population trends in Europe*, Recomendación 381 (1964); Comité de Ministros. *Conclusiones of the 136th meeting of the Ministers' Deputies, held in Strasbourg from 30th November to 8th December 1964*, Decisión 136 (1964); Asemblea Parlamentaria, *Persons wishing to engage in paid employment after retirement*, Recomendación 502 (1967); y Asemblea Parlamentaria, *European Population Conference*, Opinión 47 (1967).

<sup>55</sup> Véxase Council of Europe, *Convention for the Protection of Human Rights and Fundamental Freedoms*, November 4, 1950, European Treaty Series N.º 5.

especificamente o dereito á protección social das persoas maiores<sup>56</sup>, inicialmente a través do artigo 4 do Protocolo Adicional de 1988 á Carta de 1961<sup>57</sup> e, posteriormente, de forma consolidada no artigo 23 da Carta revisada de 1996<sup>58</sup>, que reproduce literalmente o seu contido. Pola súa parte, o CEDH non contempla de forma expresa as persoas maiores —nin sequera o artigo 14 inclúe a idade como motivo específico de discriminación<sup>59</sup>—, se ben, no que aquí interesa, o TEDH interpretou o dereito a un proceso equitativo (art. 6 CEDH), o dereito ao respecto da vida privada e familiar (art. 8 CEDH), o dereito a un recurso efectivo (art. 13 CEDH) e a prohibición de discriminación (art. 14 CEDH) nun sentido que garante a súa aplicación efectiva no ámbito xudicial en procedementos que afectan de maneira particular ás persoas maiores.

Porén, ningún dos preceptos mencionados se refire de forma expresa ao acceso á xustiza, pero ambos impoñen aos Estados parte, xa sexa directamente ou en cooperación con organizacións públicas ou privadas, a adopción de medidas axeitadas para permitir que as persoas maiores sigan sendo membros plenos da sociedade<sup>60</sup>, poidan elixir libremente o seu estilo de vida e manter unha vida independente no seu contorno habitual durante o tempo que desexen e poidan<sup>61</sup>. Este énfase na autonomía persoal e na vida independente foi interpretado polo CEDS no sentido de recoñecer o seu dereito á capacidade xurídica, o que á súa vez require a existencia dun marco normativo de toma de decisións con apoio que garanta o dereito das persoas maiores a decidir por si mesmas, respectando a súa vontade, preferencias e

---

<sup>56</sup> Véxase Conclusión XIII-3, Observación interpretativa sobre o art. 4 do Protocolo Adicional de 1988.

<sup>57</sup> Véxase Council of Europe, *Additional Protocol to the European Social Charter*, May 5, 1988, European Treaty Series N.º 128.

<sup>58</sup> Véxase Council of Europe, *European Social Charter (Revised)*, May 3, 1996, European Treaty Series N.º 163.

<sup>59</sup> Véxase Israel (Issi) DORON et al., "Ageism and Anti-Ageism in the Legal System: A Review of Key Themes", en *Contemporary Perspectives on Ageism*, ed. Liat AYALON e Clemens TESCH-RÖMER (Springer, 2018), p. 312.

<sup>60</sup> Véxase apartado 1 do art. 4 do Protocolo Adicional de 1988 e o apartado 1 do art. 23 da Carta revisada.

<sup>61</sup> Véxase apartado 2 do art. 4 do Protocolo Adicional de 1988 e o apartado 2 do art. 23 da Carta revisada.

dignidade<sup>62</sup>. É a partir deste marco interpretativo como o CEDS aborda o acceso á xustiza, en particular na reclamación colectiva *International Federation of Associations of the Elderly (FIAPA) c. Francia*, do 18 de marzo de 2025<sup>63</sup>, relativa á suposta insuficiencia do sistema xurídico francés para garantir a toma de decisións con apoio para as persoas maiores e sobre a presunta aplicación ineficaz das garantías relativas ao seu dereito a tomar decisións de maneira autónoma.

Concretamente, FIAPA denuncia que, tras a reforma de 2019, o sistema xudicial francés presenta diversas deficiencias, entre elas a falta de especialización e independencia dos xuíces encargados dos litixios relativos a medidas de protección, a insuficiente individualización das resolucións xudiciais, a escasa consideración das preferencias das persoas maiores respecto do seu lugar de residencia, a falta de información clara para as persoas beneficiarias e as súas familias, a ausencia de publicidade efectiva das medidas, a insuficiente financiación pública da protección xurídica, a limitada formación e supervisión dos representantes legais, así como as dificultades de acceso á asistencia xurídica. A maioría do CEDS recoñeceu a relevancia dos dereitos invocados, pero rexeitou a maior parte das alegacións ao considerar, en primeiro lugar, que carecían de respaldo probatorio suficiente. En segundo lugar, en relación coa especialización xudicial, sostivo que o artigo 23 da Carta revisada non impón aos Estados a obriga de establecer órganos xurisdiccionais especializados de maneira exclusiva en asuntos relativos ás persoas maiores, sempre que existan xuíces con formación específica para abordar situacións de vulnerabilidade. En terceiro lugar, a maioría rexeitou a alegación de que os xuíces estivesen xurídicamente vinculados polos informes médicos, destacando que o Código de Procedemento Civil francés lles recoñece a facultade de ordenar informes complementarios ou periciais e de apartarse, no seu caso, das conclusións técnicas contidas

---

<sup>62</sup> Véxase Conclusión 2013, Observacións interpretativas do art. 23 da Carta revisada: toma de decisións asistidas.

<sup>63</sup> Véxase *Decision on the Merits: International Federation of Associations of the Elderly (FIAPA) v. France*, Complaint N.º 205/2022, de 18 de marzo de 2025.

neles. E, en cuarto lugar, o CEDS considerou que o carácter non obrigatorio da asistencia letrada en todos os procedementos de protección non constitúe, por si mesmo, unha vulneración da Carta, sempre que se garanta á persoa afectada o dereito a designar un avogado ou a solicitar a súa asistencia.

No obstante, a decisión incorpora unha opinión separada de Carmen Salcedo Beltrán, quen critica de forma contundente a posición adoptada pola maioría do CEDS. Parte da premisa de que as persoas maiores constitúen un grupo especialmente vulnerable á discriminación, polo que as dificultades probatorias deben valorarse tendo en conta factores como os estereotipos asociados á idade, o illamento social e a frecuente invisibilización das súas necesidades. En consecuencia, lembra que, conforme á xurisprudencia do propio CEDS, unha vez achegados indicios *prima facie* de discriminación, corresponde ao Estado demostrar que esta non existiu, e critica que a decisión omita toda referencia a este principio, concluindo que, mentres o CEDS non incorpore unha «perspectiva de las personas mayores» e o principio de inversión da carga da proba, persistirá unha fenda entre os dereitos recoñecidos no artigo 23 e a súa efectividade práctica.

En relación con España, o CEDS non se pronunciou especificamente sobre o acceso á xustiza das persoas maiores. Isto non implica, porén, que non resulten aplicables os estándares interpretativos desenvolvidos nas súas resolucións, na medida en que a doutrina emanada tanto das decisións sobre reclamacións colectivas como do sistema de informes transcende o caso concreto e incide na interpretación xeral da Carta, mesmo respecto de Estados que non aceptaron dito procedemento<sup>64</sup>. Non obstante, cómpre sinalar que o CEDS declarou a vulneración do artigo 23 da Carta revisada na súa decisión sobre a reclamación colectiva 206/2022<sup>65</sup>, así como a incompatibilidade co artigo

---

<sup>64</sup> Véxase Gerard QUINN e Israel (Issi) DORON, *Against Ageism and Towards Active Social Citizenship for Older Persons: The Current Use and Future Potential of the European Social Charter*, pp. 93 e 94.

<sup>65</sup> Véxase *Decision on the Merits: Defence for Children International (DCI) et al. v. Spain*, Complaint N.º. 206/2022, de 11 de setembro de 2024.

4 do Protocolo Adicional de 1988 nas súas Conclusións de 2021 no marco do sistema de informes<sup>66</sup>.

Respecto do CEDH e da súa interpretación e aplicación polo TEDH, a vellez configúrase como un eixe interpretativo central de análise, ao considerarse a idade un factor decisivo que esixe un estándar reforzado e específico de celeridade e dilixencia procesual, así como a eliminación dos estereotipos vinculados á idade no razoamento xudicial. Respecto da dilixencia procesual, resultan relevantes tres sentenzas: asunto *Tešić c. Serbia*, de 11 de febreiro de 2014<sup>67</sup>, asunto *Jivan c. Rumanía*, de 8 de febreiro de 2022<sup>68</sup>, e asunto *Bilyavska c. Ucraña*, de 27 de marzo de 2025<sup>69</sup>. Na primeira delas, o TEDH declarou a vulneración do art. 6 CEDH no caso dunha muller pensionista, nada en 1934 e con graves problemas de saúde, á que se condenou a destinar dous terzos da súa pensión ao pagamento dunha indemnización e das custas por difamar ao seu avogado, ao considerar que, aínda que a lei nacional autorizase este tipo de retencións, os órganos xurisdicionais deben adoptar un enfoque ponderado que non poña en perigo a subsistencia básica dunha persoa maior, nin impoña cargas financeiras desproporcionadas que ignoren a situación de vulnerabilidade física e médica da demandante, vulnerando así o dereito a un xuízo xusto (art. 6 CEDH). Na segunda, un home de 87 anos con múltiples patoloxías denunciou que as autoridades romanesas lle recoñeceran unicamente un grao medio de discapacidade, o que levou ao TEDH a sinalar que, cando as restricións afectan a persoas maiores dependentes, a marxe de apreciación do Estado redúcese de forma significativa e calquera limitación debe estar solidamente xustificada, dado que o acceso a axudas técnicas e asistencia persoal se vincula directamente co respecto á vida privada e á autonomía persoal (art. 8 CEDH), de modo que denegar dita asistencia baseándose exclusivamente en criterios médicos ríxidos, sen atender ao

---

<sup>66</sup> Véxase Conclusión XXII-2 sobre España do art. 23 da Carta revisada, de 31 de decembro de 2021.

<sup>67</sup> Véxase *Case of Tešić c. Serbia*, Application n.º 4678/07, de 11 de maio de 2014.

<sup>68</sup> Véxase *Case of Jivan c. Rumanía*, Application n.º 62250/19, 8 de maio de 2022.

<sup>69</sup> Véxase *Case of Bilyavska c. Ucraña*, Application n.º 84568/17, de 27 de xuño de 2025.

contexto vital —vivía só e carecía de apoio familiar—, compromete a dignidade da persoa e pode xerar situacións de illamento. E, na terceira, o TEDH estimou que os tribunais ucráinos vulneraron o dereito á vida privada e familiar (art. 8 CEDH) ao denegar o desaloxo dos familiares que convivían coa demandante na súa vivenda en condicións insostibiles, sen ponderar adecuadamente a súa condición de persoa de idade avanzada (nada en 1948) nin adoptar medidas efectivas, xustas e proporcionais orientadas a garantir a protección real do seu dereito ao respecto do seu fogar.

En relación co principio de celeridade procesual, o TEDH pronunciouse en catro sentenzas: asunto *Süssmann c. Alemania*, de 16 de setembro de 1996<sup>70</sup>, asunto *Jablonská c. Polonia*, de 9 de marzo de 2004<sup>71</sup>, asunto *Schlumpf c. Suiza*, de 8 de xaneiro de 2009<sup>72</sup>, e asunto *Klaus e Iouri Kiladze c. Georgia*, de 2 de maio de 2010<sup>73</sup>. No primeiro asunto, o demandante impugnou con 80 anos un procedemento de máis de tres anos relativo á redución dunha prestación, con todo, malia a demora, o TEDH considerou que o prexuízo non fora significativo, porque priorizou outros factores como a complexidade da reforma ou o contexto político, valoración que foi obxecto de críticas nos votos particulares. No segundo asunto, o TEDH declarou a vulneración do dereito a un proceso equitativo (art. 6 CEDH) e ao respecto da vida privada e familiar (art. 8 CEDH), debido á excesiva duración do procedemento —dez anos— iniciado por unha persoa de 71 anos, no que se pretendía recuperar a vivenda familiar. Un razoamento similar aplicouse no terceiro asunto, no que o TEDH determinou que a aplicación mecánica do prazo de dous anos para autorizar o reembolso dunha cirurxía de reasignación de sexo resultaba excesivamente ríxida, especialmente tendo en conta a idade relativamente avanzada da interesada, de 67 anos, vulnerando así os arts. 6 e 8 CEDH. Finalmente, no cuarto asunto, o TEDH foi rotundo

---

<sup>70</sup> Véxase *Case of Süssmann c. Alemania*, Application n.º 20024/92, de 16 de setembro de 1996.

<sup>71</sup> Véxase *Case of Jablonská c. Polonia*, Application n.º 60225/00, de 9 de marzo de 2004.

<sup>72</sup> Véxase *Case of Schlumpf c. Suiza*, Application n.º 29002/06, de 5 de xuño de 2009.

<sup>73</sup> Véxase *Case of Klaus y Iouri Kiladze c. Georgia*, Application n.º 7975/06, de maio de 2010.

ao sinalar que a prolongada inacción estatal durante máis de once anos, que impediu o goce efectivo dunha indemnización por dano moral nun prazo razoable, privou aos demandantes —maiores de 80 anos— de calquera expectativa realista de ver satisfeitos os seus dereitos en vida, constituíndo así unha vulneración tanto do dereito á propiedade (art. 1 do Protocolo núm. 1) como do dereito a un recurso efectivo (art. 13 CEDH).

Seguindo co principio de celeridade procesual, debe sinalarse que, ao igual que os tribunais nacionais se atopan sometidos á supervisión do TEDH en materia de duración razoable do procedemento, o propio TEDH non está exento da esixencia de xestionar os seus asuntos dentro dun marco temporal axeitado. Na práctica, as sentenzas analizadas presentan un prazo medio de resolución de aproximadamente catro anos, aínda que existen asuntos que superan amplamente ese limiar, como *Tešić c. Serbia* ou *Bilyavska c. Ucraína*, nos que o tempo de resolución excede os sete anos. Porén, o Regulamento de Procedemento (ou “rules of court”)<sup>74</sup> do TEDH límitase a prever, na regra 41, que “al determinar el orden en que se tramitarán los asuntos, el Tribunal tendrá en cuenta la importancia y la urgencia de las cuestiones planteadas, sobre la base de criterios fijados por el propio Tribunal”, engadindo que a Sala ou o seu Presidente poden apartarse de ditos criterios para outorgar prioridade a unha demanda concreta. De forma similar, o Regulamento do CEDS (ou “rules”)<sup>75</sup> tampouco concreta un sistema de priorización, limitándose a súa regra 26 a establecer que as queixas se rexistrarán por orde de recepción e se examinarán cando estean listas, sen prexuízo da posibilidade de outorgarlles tratamento prioritario.

Por último, no relativo á presenza de estereotipos vinculados á idade no razoamento xudicial, cómpre destacar o asunto *Carvalho Pinto de Sousa Morais c. Portugal*, do 25 de outubro de 2017<sup>76</sup>, relativo a unha intervención cirúrxica negligente

---

<sup>74</sup> Véxase, European Court of Human Rights, *Rules of Court* (Registry of the Court, 2025).

<sup>75</sup> Véxase, European Committee of Social Rights, *Rules* (Council of Europe, 2024).

<sup>76</sup> Véxase *Case of Carvalho Pinto de Sousa Morais c. Portugal*, Application n.º 17484/15, de 25 de xullo de 2017.

que provocou á demandante —daquela unha muller de cincuenta anos e nai— unha grave discapacidade física, cuxa indemnización foi reducida polos tribunais portugueses en atención á súa idade e á suposta menor relevancia da sexualidade nesa etapa da vida. Esta circunstancia levou á demandante a acudir ao TEDH alegando discriminación por razón de sexo e idade no goce do dereito ao respecto da vida privada (arts. 8 e 14 CEDH), e a maioría do TEDH confirmou que a redución da indemnización se baseara en estereotipos de xénero e idade, en particular na presunción de que a sexualidade reviste menor importancia para unha muller de cincuenta anos e nai. Este enfoque foi criticado nos votos particulares —e por parte da doutrina<sup>77</sup>— por ter minimizado o factor idade e desaproveitado a oportunidade de abordar de forma máis explícita o idadeísmo e a construción da sexualidade na vellez desde unha perspectiva de dereitos humanos.

El TEDH tamén se pronunciou sobre España no asunto F.S.M., do 13 de xuño de 2025<sup>78</sup>, no que se analiza se a forma en que se desenvolveron os procedementos garantiu ao demandante —un home nacido en 1948 con trastornos de personalidade, deterioro cognitivo e secuelas dun trastorno por déficit de atención con hiperactividade— o goce efectivo do dereito a un xuízo xusto nun proceso penal no que foi condenado por fraude fiscal a sete anos e medio de prisión e ao pagamento de máis de 4,6 millóns de euros. O demandante alega que dita condena vulnera o seu dereito a un proceso equitativo (art. 6 CEDH) e a prohibición de tratos inhumanos ou degradantes (art. 3 CEDH), na medida en que o seu deterioro cognitivo lle tería impedido comprender adecuadamente o desenvolvemento e alcance do proceso, así como comunicarse de maneira efectiva co seu avogado. Engade, ademais, que as autoridades xudiciais españolas terían desatendido as súas solicitudes de suspensión do procedemento e non terían adoptado axustes razoables —

---

<sup>77</sup> Véxase Eugenio MANTOVANI, Benny SPANIER e Israel (Issi) DORON, "Ageism, Human Rights, and the European Court of Human Rights: A Critical Analysis of the Carvalho v. Portugal Case (2017)", *DePaul Journal for Social Justice* 11, n.º 2 (2018).

<sup>78</sup> Véxase *Case of F.S.M c. Spain*, Application n.º 56712/21, de 13 de xuño de 2025.

tales como a posibilidade de declarar por videoconferencia ou a presenza do curador no xuízo—, situándoo así nunha posición material de indefensión.

Ante estas alegacións, o TEDH lembra que os Estados parte teñen a obriga positiva de adoptar as medidas necesarias para garantir a participación efectiva das persoas maiores con deterioro cognitivo —e que, nos casos que implican acusacións graves, as autoridades nacionais deben adoptar medidas adicionais—, o que implica que o dereito a un xuízo xusto non se limita á mera presenza física no proceso, senón que esixe unha comprensión ampla da súa natureza e das súas consecuencias. Partindo deste principio xeral, o TEDH declara a non vulneración dos arts. 3 e 6 CEDH porque, en primeiro lugar, a capacidade do demandante para ser xulgado quedou acreditada a partir dos informes forenses nacionais, os cales, aínda recoñecendo un deterioro cognitivo moderado, concluíron que non existía incapacidade para comprender o obxecto e as consecuencias do proceso. En segundo lugar, porque o demandante estaba debidamente asistido por un avogado da súa elección, cuxa estratexia procesual se centrou na solicitude de sobresemento sen instar axustes específicos do procedemento, como o uso de videoconferencia. En terceiro lugar, porque non se acreditou o impacto concreto da ausencia de tales axustes na equidade do proceso, especialmente tendo en conta que a condena se fundamentou principalmente en proba documental de carácter técnico relativa a un fraude fiscal. E, en cuarto lugar, porque as autoridades xudiciais actuaron coa dilixencia debida ao recadar dous informes forenses adicionais co fin de verificar a capacidade procesual.

Non obstante, o voto particular das maxistradas Elósegui e Mourou-Vikström, se ben coincide coa maioría na inexistencia de vulneración dos arts. 3 e 6 CEDH, introduce unha crítica importante relativa ás lagoas do ordenamento xurídico español en materia de axustes procesuais para persoas con deterioro cognitivo no proceso penal. En particular, sinalan que o art. 383 da Lei de Axuizamento Criminal se limita a prever a suspensión do proceso en caso de incapacidade, sen diferenciar entre incapacidade total ou parcial, o que evidencia unha falta de regulación específica das situacións

de vulnerabilidade cognitiva sobrevida. Así mesmo, subliñan que a propia Lei de Axuizamento Criminal non establece de forma clara a posibilidade de solicitar ou acordar axustes procesuais, o que xera incerteza tanto en canto ao seu réxime xurídico como ao seu carácter a instancia de parte ou de adopción de oficio.

Frente a iso, as maxistradas destacan que aínda que a reforma de 2023 da Lei de Axuizamento Civil introduciu o art. 7 bis para recoñecer axustes de procedemento en favor de persoas en situación de vulnerabilidade —norma que, en virtude do art. 4 Lei de Axuizamento Civil, pode proxectarse supletoriamente no ámbito penal—, a súa aplicación na xurisdición penal segue sendo limitada e pouco consolidada, ao tratarse dunha práctica aínda incipiente en comparación coa experiencia dos tribunais civís. Neste sentido, advirten que dita regulación resulta insuficiente no ámbito penal, onde a falta de previsión expresa na Lei de Axuizamento Criminal impide unha aplicación sistemática dos axustes, sendo necesario, ao seu xuízo, un desenvolvemento normativo específico tanto na Lei de Axuizamento Criminal como no Código Penal que estableza con claridade a obriga xudicial de adoptar de oficio as medidas necesarias —incluída, no seu caso, a participación do titor ou curador— para garantir a comprensión efectiva do proceso por parte de persoas con capacidade cognitiva limitada. Así mesmo, recorren ao dereito comparado para reforzar esta crítica, citando ordenamentos como os de Irlanda, Francia e Luxemburgo, onde se distinguen expresamente os axustes procesuais da suspensión do proceso penal e se prevén mecanismos máis desenvolvidos de asistencia a persoas con discapacidade mental, co obxectivo de evidenciar que o sistema español se atopa aínda lonxe de garantir un nivel suficiente de obrigas positivas nesta materia.

## 5. BIBLIOGRAFÍA

BARRANCO Avilés, María del Carmen, e Irene VICENTE ECHEVARRÍA. *La discriminación por razón de edad en España: Conclusiones y recomendaciones para el contexto español desde un enfoque basado en derechos*. HelpAge International España, 2020.

- CARRIL VÁZQUEZ, Xosé Manuel. "Jubilación activa". En *Las pensiones ante los retos que plantea la "sociedad del riesgo"*, coordinado por Gloria M<sup>a</sup> MONTES ADALID, Carlos David AGUILAR SEGADO, Miguel Ángel GÓMEZ SALADO et al. 2024
- CARRIL VÁZQUEZ, Xosé Manuel. "Argumentos de derecho internacional justificadores de que la legislación española tenga que adaptarse al envejecimiento de la población para proteger a las personas mayores con un sistema de atención (o de cuidados) a largo plazo". En *Estudios sobre Seguridad Social: libro homenaje al profesor José Ignacio García Ninet*, coordinado por María Arántzazu Vicente Palacio. 2017.
- DEFENSOR DEL PUEBLO. *Retrasos en la Administración de Justicia: Separata del volumen II del Informe anual 2018*. Defensor del Pueblo, 2019.
- DÍAZ-TENDERO BOLLAÍN, Aída, e Fernando FLORES GIMÉNEZ. *El edadismo hacia las personas mayores en las sentencias del Tribunal Constitucional*. Fundación HelpAge International España, 2023.
- DORON, Israel (Issi), Ann NUMHAUSER-HENNING, Benny SPANIER, Nena GEORGANTZI e Eugenio MANTOVANI. "Ageism and Anti-Ageism in the Legal System: A Review of Key Themes". En *Contemporary Perspectives on Ageism*, editado por Liat AYALON e Clemens TESCH-RÖMER. Springer, 2018.
- MANEIRO VÁZQUEZ, Yolanda. "Cuidados para quienes cuidan: la adaptación del art. 139 de la Ley Reguladora de la Jurisdicción Social a la Directiva (UE) 2019/1158, de 20 junio de 2019". *Revista Crítica de Relaciones de Trabajo. Laborum*, n.º 3 (2022): 63–86.
- MANTOVANI, Eugenio, Benny SPANIER 3 Israel (Issi) DORON. "Ageism, Human Rights, and the European Court of Human Rights: A Critical Analysis of the Carvalho v. Portugal Case (2017)". *DePaul Journal for Social Justice* 11, n.º 2 (2018).
- MARTÍNEZ GIRÓN, Jesús, Alberto ARUFE VARELA e Xosé Manuel CARRIL VÁZQUEZ. *Derecho crítico del trabajo. Critical labor law*. 5.<sup>a</sup> ed. Atelier, 2025.

- MARTÍNEZ GIRÓN, Jesús. "Sobre la brecha digital generacional de la clase media española. Un análisis perspectivístico derecho comparado, relativo a un colectivo gigante de contribuyentes en riesgo de exclusión social". En *Digitalización, recuperación y reformas sociales: XXXII Congreso Anual de la Asociación Española de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social. Ponencias*. Ministerio de Trabajo y Economía Social, 2022.
- MARTÍNEZ GIRÓN, Jesús, Alberto ARUFE VARELA e Xosé Manuel CARRIL VÁZQUEZ. *Derecho de la Seguridad Social*. 4.ª ed. Atelier, 2017.
- MCLACHLIN, Beverley. "Accès à la justice et marginalisation: l'aspect humain de l'accès à la justice". *Les Cahiers de droit* 57, n.º 2 (2016): 339–350.